

Autor: VARIOS

Ano: 2003

Título: *Los desafíos de las tecnologías de la información y las comunicaciones en la educación.*

Lugar: Madrid

Editorial: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD) e Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE)

A idea directora sobre a que xira todo o contido do libro é a importancia da cooperación internacional na área xeográfica de fala hispana para identificar cales son os desafíos e as oportunidades das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na educación. A finalidade perseguida é integrar a educación na sociedade da información.

En xeral, comparten con Touriñán (2003) os seguintes obxectivos para orientar a educación na sociedade da información:

- Contribuír á preparación dos alumnos na sociedade da información.
- Facer efectivo o uso da tecnoloxía da información para proporcionar mellor educación.
- Fortalecer unha nova perspectiva de valoración da tecnoloxía dixital e multimedia nos procesos educativos.
- Contribuír ao mellor aproveitamento dos recursos da comunidade en apoio á docencia.

A obra *Los desafíos de las tecnologías de la información y las comuni-*

caciones en la educación ve a luz logo da primeira reunión do Seminario da Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE) en Lingua Española, celebrado no Pazo da Madalena de Santander (España) entre os días 24 e 26 de setembro de 2001. A intención deste seminario é a de crear un foro de análise, debate, intercambio de coñecementos e experiencias dentro dun marco de cooperación arredor do ámbito da educación e da súa transformación ante as novas tecnoloxías, é dicir, integrar a educación na sociedade da información. Este impulso fundacional crea a base para seguir mantendo, cada dous anos, reunións e seminarios da comunidade hispanofalante en relación coa incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en educación.

Tomando como punto de inicio as intencións da reunión santanderina e adoptando como título o mesmo que o do evento anteriormente citado, o texto estrutúrase en dúas partes e cada unha

delas nunha serie de capítulos. A primeira, baixo a denominación de «Aspectos generales», céntrase en analizar globalmente cales son os vínculos entre as TIC e a educación. Este primeiro bloque consta de catro capítulos cuxos temas se ocupan de: “Oportunidad y riesgo: los desafíos de las tecnologías de la información y la comunicación en el ámbito de la ética”, “La brecha digital: implicaciones y consecuencias”, “Los grupos de la globalización” e “Las oportunidades de la lengua española en la era de Internet”. En xeral, e para resumir este primeiro bloque de contido, as cuestións que se pretenden poñer de manifesto son:

- A xeneralización do acceso e a capacitación eficaz para o uso das NNNT como un integrante fundamental das políticas educativas.

- A adquisición [...] dunha «alfabetización tecnolóxica», ou o que é o seu uso e a capacidade para comprender os seus alcances e limitacións, así como examinar a xustificación moral do seu desenvolvemento e aplicación.

- A necesidade de crear e fortalecer institucións dedicadas ao aproveitamento educativo das NNNT.

- Fomentar a creación de principios éticos¹ para a formación nas institucións educativas.

- A proxección do cambio tecnolóxico sobre o ámbito educativo modifica o alcance da educación como instrumento de rexeneración social e, polo tanto, os sistemas educativos están

obrigados a afrontar novos retos se queren garantir a igualdade de oportunidades para todos.

- O uso didáctico das TIC é unha resposta ás demandas do mercado laboral e á xeneralización da sociedade do coñecemento.

- As TIC están a ser o catalizador da globalización e, no desenvolvemento do fenómeno da globalización, está afectada a educación.

- A integración da educación na sociedade da información necesita un sentido da responsabilidade individual e colectiva para alcanzar o compromiso da sociedade ante as NNNT.

- A lingua española vai ser un factor determinante no novo mundo tecnolóxico.

A segunda parte, titulada «Aprender a cambiar: las tecnologías de la información y la comunicación en los centros educativos», contén a contribución completa da Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE), que fai referencia ao Proxecto do CERI (Centro de Investigación e Innovación Educativa), titulado “Information and Communication Technology (ICT) and the Quality of Learning”². O significado deste informe é a resposta ao alto interese manifestado polos ministros de Educación da OCDE por esta temática, dende os inicios da década dos 90 ata a actualidade. Esta situación trae como consecuencia a creación dunha área de traballo específica para tratar o uso das TIC

na escola e a calidade da aprendizaxe.

Divídese en sete capítulos centrados en desenvolver os temas seguintes: “Directrices prioritarias para la implantación de las TIC en los centros educativos”, “El currículo y el estudiante”, “Software educativo y contenido digital”, “Centros educativos e Internet. Aceptar el desafío”, “La práctica docente y la formación del profesorado”, “Centros educativos organizados para las TIC y familias a las que se atiende” e, finalmente, “Perspectivas de futuro”. A configuración das directrices da OCDE ante a incorporación das TIC á realidade educativa infórmanos sobre as seguintes cuestións:

- As directrices que ha de seguir a política educativa para a implantación das TIC nos centros educativos son: cambios radicais do currículo, onde as TIC defenden un enfoque aberto baseado en destrezas e centrado no alumnado; os criterios de avaliación do alumnado compatibles co emprego das TIC; a «alfabetización dixital» como obxectivo de aprendizaxe, incluíndo unha serie de competencias que impregnan o lugar de traballo, a comunidade e a vida social. É, polo tanto, un elemento da formación permanente polo que os centros educativos deben estar plenamente equipados e apoiados para usar as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe. Os centros necesitan abundante software de calidade e información de doado acceso sobre este. Este factor determinará a necesidade dun continuo diálogo entre

os provedores de TIC e o sector educativo. A presenza das TIC nos centros educativos supón unha ampliación do papel profesional dos docentes en capacidades técnicas e pedagóxicas, acordos avances tecnolóxicos e a súa utilización. A dirección dos centros educativos debe estar plenamente comprometida coa adopción das TIC e a escola, a familia e a comunidade teñen novas oportunidades de colaborar entre si.

- Empregar as TIC enriquece o currículo académico de dúas formas: primeira, mellorando todas as materias e actividades mediante bancos de recursos, simulacións, secuencias didácticas, etc. e, segunda, na consecución da alfabetización dixital, por medio da cal o aprendiz é máis esixente e autónomo.

- Utilizar as TIC en educación causou transformacións no software comercial ao buscar que este se axuste aos propósitos do currículo e da pedagogía.

- O uso de Internet nos centros educativos significou que a comunidade educativa teña claro o potencial educativo das TIC, pero para desenvolver o devandito potencial deben realizarse cambios na metodoloxía e na estrutura do ámbito de aprendizaxe.

- Os docentes son un elemento clave na adopción das TIC na educación, en xeral e, nos centros educativos, en particular, porque é o profesorado o intermediario entre o alumnado e as oportunidades de aprendizaxe que as TIC ofrecen.

- A formación inicial e/ou en servizo –permanente– do profesorado nas TIC ha de ser obxecto de continuas intervencións por parte dos poderes públicos, para que exista un incremento do persoal e lles dea resposta ás necesidades de formación, xa que se esixen cambios no quefacer pedagóxico –métodos e metodoloxías didácticos– e psicolóxico, ata a creación de organizacións colectivas para cooperar e aprender na rede educativa. A cuestión indica que se necesita un dominio técnico e experiencias abundas que lle faciliten ao docente saber como integrar as NNTT nas súas estratexias de ensino-aprendizaxe.

- Ante a incorporación das TIC ao mundo da educación, ábrese paso tamén a unha nova concepción do centro educativo como organización capaz de responder aos cambios tecnolóxicos.

- O mundo da educación require, como perspectiva de futuro, que se cree unha industria informática orientada ás súas necesidades.

Ademais, a obra sobre a que se fala debe conectarse e complementarse con outras publicacións da OCDE como son: *Learning to Bridge the Digital Divide*³ (OCDE, 2000), *E-Learning-The Partnership Challenge*⁴ (OCDE, 2001) e o informe sobre a repercusión das TIC nos centros educativos innovadores e na aprendizaxe dos alumnos (OCDE, 2003).

Dende o ámbito da educación, o seu principal interese profesional e cien-

tífico é achegar a sociedade da información aos escolares, para establecer un espazo de diálogo sobre os mellores modelos de utilización das novas tecnoloxías (NNTT) en educación.

As conclusións que se poden extraer deste libro, que recolle as principais contribucións e iniciativas dos representantes dos países de fala hispana para achegar a sociedade da información á educación son as seguintes:

- A educación e a xeneralización do uso das NNTT axudarán a combater a «brecha dixital» e a promover a igualdade de oportunidades.

- É imprescindible a colaboración entre os sectores público e privado mediante proxectos e fórmulas que optimicen os recursos.

- A xeneralización das TIC debe ser sometida a criterios éticos.

- A educación é o motor que pode conducir a unha maior difusión e uso das TIC cun sentido de “responsabilidade e utilidade” para as persoas e a sociedade.

- O marco dos países hispanofalantes debe ser unha prioridade para desenvolver propostas de investigación, desenvolvemento e formación na área das TIC aplicadas á educación.

- O acceso dos estudantes ás ferramentas da sociedade da información depende, sobre todo, do nivel socioeconómico do seu ámbito.

- Para cubrir a «brecha dixital» e conseguir a aplicación masiva das TIC na educación fan falta medios mate-

riais, persoal que os manteña (recursos humanos) e adestramento e formación do profesorado, é dicir, moito investimento de capital.

- Os desafíos da nova cultura da educación son: consolidación dunha infraestrutura que garanta a equidade, a capacitación docente e o uso eficiente e creativo das TIC.

- A visión de que as TIC deben valorarse como un factor de apoio, e non como elementos substitutivos da formación e actualización das autoridades educativas, profesores, estudantes e cidadanía en xeral.

BIBLIOGRAFÍA

TOURIÑÁN, J. M. (2003) Compartir el mismo espacio y tiempo virtual: una

propuesta de investigación para la intervención pedagógica. *Revista de Educación* (332) 213-231.

NOTAS

¹ Implica un esforzo renovado das institucións educativas para fomentar a vivencia dos valores democráticos, o recoñecemento, respecto e valoración da diversidade cultural, o exercicio do diálogo e o pensamento crítico para fundamentar a xustificación moral dos comportamentos persoais e colectivos (OCDE, 2001).

² As Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) e a Calidade da Aprendizaxe.

³ Aprendendo a unir a Brecha dixital.

⁴ Aprendizaxe electrónica: desafío compartido.

M^a del Carmen Gutiérrez Moar
Universidade de Santiago de Compostela

